# Anexo IV: Xestionar o currículum da etapa:

Para acceder á xestión do currículum de cada etapa (introducir áreas de LE de primaria, ou as de ESO, Bacharelato, EBI e ESA de Adultos) que emprega programáme, deberás ter un acceso autorizado (contacta con info@recursoseducativos.net para máis información), e acceder á aplicación de xestión na parte inferior dereita da pantalla principal. Lembra que podes deixar as túas dúbidas e comentarios no foro para colaboradores, dispoñible na web.




Accederás a unha nova ventá na que poderás navegar entre as diferentes áreas rexistradas na aplicación, para introducir criterios, estándares e contidos, ou ben para modificar ou eliminar algún deles.

# O entorno de traballo:

Estas son as funcionalidades principais do entorno de traballo de xestión de currículum:

Navega entre as diferentes áreas da etapa para ver debaixo os elementos curriculares introducidos na aplicación ata este momento.

Preme aquí para engadir, modificar ou borrar os bloques para a área escollida nos diferentes niveis.

Preme aquí para engadir un novo criterio de avaliación (a área que se atope seleccionada non é relevante neste caso)




Modifica ou borra un contido, criterio ou estándar xa introducido. (o curso e área modifícanse xunto ó indicador)

Se non aparece o nome do bloque e en azul é que aínda non foi indicado... faino en editar criterio.

Engade un contido ou estándar para o criterio correspondente (abrirase unha nova ventá)

# A estratexia de traballo:

Para i**ntroducir os estándares e os contidos é preciso que previamente, para cada área e curso, se atope xa introducido o correspondente criterio de avaliación** ó que corresponden. Por tal motivo deberás sempre engadir primeiro o criterio para logo poder engadir os estándares e os contidos.

Podes facelo un a un, é dicir tras incluír o criterio, engadir os estándares e os contidos (a orde en que se faga é irrelevante), ou ben introducir primeiramente tódolos criterios para un curso, e logo proceder a introducir os restantes elementos, escolle unha ou outra segundo che resulte máis cómodo.

**Unha vez introducidos os criterios** poderás indicar en cada un deles (editándoo) a que **bloque pertence**, escolléndoo de entre aqueles que se atopen introducidos. Revisa o apartado adicado ós bloques de contidos neste manual, de seguido.

.

# Engadindo un novo criterio:

Para engadir un novo criterio tan só tes que premer a opción “engadir criterio” e verás aparecer o seguinte formulario no que cubrir os seguintes campos, que como podes comprobar inclúen tanto o nivel como a área, polo que é irrelevante a lapela de área que se atope seleccionado nese momento.

Lembra introducir os obxectivos seguidos de comas (a, e, f) e poderás atopara a abreviatura da área, ben nas lapelas como no propio código do criterio.




| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles.<br>▪ B1.2. Tipoloxía de redes. | ▪ B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | ▪ TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |

Unha vez premas “engadir criterio”, verás como aparece na lista inferior, desde ese momento xa poderás engadir, cando queiras tanto contidos como estándar para dito criterio. Tamén poderás editalo para asignarlle un bloque (ver apartado correspondente) ou facer cambios no mesmo.

# Engadindo un novo estándar ou contido:

Para engadir un novo estándar ou contido o proceso é idéntico, deberemos localizar o criterio co que queremos traballar e premer os botón “engadir contido” ou “engadir estándar” segundo sexa o caso (ver páxina 1 deste manual), e aparecerá unha nova ventá na que deberás cumplimentar tódolos campos en cada caso.




Cando introduzas códigos procura que non se incúa un punto ó final do mesmo, xa que dará lugar a unha ordeación errónea nas diferentes seccións da aplicación.

Premendo o botón “engadir” incluíremos o novo contido ou estándar (segundo o caso) no currículum da aplicación.

Indicaremos o código do estándar, tal como aparece no currículum (a aplicación encargarase de engadirlle o nivel de forma automática)

| | Tecnoloxía. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación | | | |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B1.1. Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles.<br>▪ B1.2. Tipoloxía de redes. | ▪ B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | ▪ TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |




Desde o momento en que un estándar ou contido se atope introducido na aplicación, estará dispoñible de forma inmediata para tódolos usuarios de prográmame.

Lembra non escribir ó punto ó final dos diferentes códigos que introduzas, xa que afectará ó xeito en que se amosan ordeados na aplicación.

# Editar (modificar) ou borrar un elemento:

Se cometemos algún erro poderemos modificar (editar) ou borrar tanto un criterio, como un contido ou un estándar, tan ós teremos que premer o botón correspondente (ó fin de evitar error os botóns de editar son de cor verde e os de engadir de vermella)

Cando premamos “editar” veremos aparecer unha ventá na que modificar os datos existentes por aqueles que sexan os correctos. (ver páxina 1 deste manual)

Ten en conta que se cambias o nivel ou área dun indicador, farase tamén o cambio automáticamente ós estándares e contidos que teña asociados.

Non é posible cambiar o nivel e área de un estándar ou contido individual, nese caso terás que borralo e voltar a introducilo novamente.




Escolle un bloque para asignar ó criterio, entre os dispoñibles no despregable.

Para saber como engadilos e editalos revisa o último apartado deste manual de xestión.

O feito de non marcalo non afectará o uso da aplicación se ben a nivel informativo non aparecerán os bloques nos documentos que se xeren.

Borrar un estándar, criterio ou contido.

Para borrar un elemento tan só terás que escribir a palabra “borrar” no campo do código e gardar os cambios, nese momento o elemento será borrado e desaparecerá da lista de elementos dispoñibles.

Garda os cambios introducidos no criterio, estándar ou contido, segundo sexa o caso

Ten en conta que cando engadas un novo criterio, estándar ou contido, non terá a opción “editar” ata que recargues a lista premendo na lapela da área.

**Estándares asociados (OPCIONAL):**

Cando se edita un estándar veremos aparecer un campo chamado “asociado”, a súa función e indicar un número que sexa o mesmo que se asignou ó mesmo estándar, ou similar da mesma área noutro nivel. Este valor é o que se emprega para xerar o documento de “planning” do perfil de área, no se amosan nunha táboa os estándares e mínimos de forma transversal ó longo dos diferentes cursos, para comprobar a evolución dos mesmos, dentro da mesma etapa.




Introduce un número 1, 2, 3... que sexa o mesmo coa introducido no mesmo estándar (ou similar) que puxeches na mesma área noutro nivel.

# Engadindo, editando e asignando BLOQUES:

Os diferentes bloques nos que se divide o currículum, se ben non afectan o funcionamento da aplicación estean ou non introducidos, poden ser introducidos en PROGRÁMAME, para que sexan amosados título informativo en diferentes partes da aplicación e nalgúns dos documentos que e poden xerar. Tan só tes que elexir a área/materia e **permer no botón “laranxa”.**



Na nova ventá que se despregará é onde poderás engadir un novo bloque, editar e borrar os existentes.




| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Bioloxía. 2º de bacharelato | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A base molecular e fisicoquímica da vida | | | |
| • i<br>• e | • B1.1. Compoñentes químicos da vida. Concepto de bioelemento. Tipos, propiedades e funcións dos bioelementos.<br>• B1.2. Os enlaces químicos e a súa importancia en bioloxía.<br>• B1.3. Biomoléculas: concepto, clasificación e | • B1.1. Determinar as propiedades fisicoquímicas dos bioelementos que os fan indispensables para a vida. Relacionar os enlaces químicos coa súa importancia biolóxica. | • BB1.1. Describe técnicas instrumentais e métodos físicos e químicos que permiten o illamento das moléculas e a súa contribución ao grande avance da experimentación biolóxica. | • CAA<br>• CMCCT |
| | | | • BB1.1.2. Clasifica os tipos de bioelementos relacionando cada un coa súa proporción e coa | • CAA |

Os bloques dispoñibles para a área, nos diferentes cursos aparecerán no despregable, onde sempre poderás escoller un, premer EDITAR e cambiar os datos existentes.







Para eliminar un bloque (que deixará de estar asociado a tódolos criterios que tivese, de ser o caso), tan só hai que escribir “borrar” no campo de código do bloque permer o botón “editar o bloque”.

Finalmente, **para asignar a cada criterio o bloque** ó que pertence (e que así sexa visualizado na aplicación e nos diferentes documentos), deberás editar o criterio e escoller o bloque no desplegable.

# Áreas de Libre Elección de centro:

A introdución do currículo das áreas de libre elección de centro faise do mesmo xeito que as restantes áreas, tal como se conta nos apartados anteriores. Neste senso débense ter en conta os seguintes aspectos:

- O currículo debe ter a mesma estrutura do resto dos currículums (obxectivos, contidos, criterios, estándares e competencias), dito currículum debe estar autorizado por Inspección para poder implantalo como área.
- Cada área de Libre Elección de centro irá asociado o centro en cuestión (ó seu código numérico) de xeito que os usuarios da aplicación poidan "amosar" dita área se escollen o código do centro no seu perfil persoal.
- Para poder ver as áreas de libre elección de centro na aplicación, os usuarios deben marcar a opción dispoñible na parte inferior dereita da aplicación. No caso de ter introducido o código do centro no seu perfil verá só as do centro, no caso de non introducir ningún código verá tódalas áreas de libre elección introducidas na aplicación.

Óscar Abilleira Muñiz
oscar_abilleira@edu.xunta.es

Autor de Prográmame
Autor de www.recursoseducativos.net
info@recursoseducativos.net

Se queres colaborar engadindo algunha área para ESO ou Bacharelato, ou para calquera dúbida ponte en contacto con info@recursoeducativos.net, ou compárteo no foro da web.

Licenza CC de aplicación tanto á aplicación
como a este documento